



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

#### LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo  
D. Salustiano Mato de la Iglesia  
D. Pedro Merino Gómez  
D. Javier de Vicente Remesal  
D. Antón Fernández Álvarez  
D. Juan M. Suárez Creo  
D. Juan M. Da Rocha Álvarez  
D. Xosé Manuel Cid Fernández  
D. Julio Taboada Pérez  
D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
D. J. Angel Álvarez Moreira  
D. Enrique Barreiro Alonso  
D. Manuel Angel Candelas Colodrón  
D. Víctor Cardador González  
D. José Cidrás Pidre  
D. Eusebio Corbacho Rosas  
D. Xosé Henrique Costas González  
D. Guillermo De Oca Cancela  
D. Luis Espada Recarey  
D. Manuel Fernández Areal  
D. José Ramón Fernández Fernández  
D. Manuel Fernández Cruz  
D. Rubén Frieiro Barros  
D. Alberto Gago Rodríguez  
D. José Manuel García Vázquez  
D<sup>a</sup> Teresa Geadá Geadá  
D. José M<sup>a</sup> Gil Villanueva  
D. Carlos F. González Salgueiro  
D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos  
D. Juan Janeiro Vilaboa  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar López Vidal  
D. Víctor M. Martínez Cacharrón  
D. Andrés Mazaira Castro  
D. Pedro Membiela Iglesia  
D. Alejandro Padín Mariño  
D. Juan Pérez de Obanos Herrero  
D. José Enrique Pérez Fernández  
D. Mariano P-Mtnez P-Amor  
D. José Pose Blanco  
D. Manuel J. Reigosa Roger  
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal  
D. Luis Rodríguez Ennes  
D<sup>a</sup> Antía Rodríguez Nieves  
D. Carlos Román Lago  
D<sup>a</sup> Elena Sánchez Trigo  
D. Eduardo Soto García  
D. Juan Carlos Surís Regueiro  
D. José Tojo Suárez  
D. Federico Vilas Martín  
D. Manuel Pérez Vázquez (CIG)

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do dezaioito de setembro de mil novecentos noventa e oito, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O venres, **día 18 de setembro de 1998**, ás 10.00 horas, comezou a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-lo único punto da orde do día:

"Reforma do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Goberno".

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo.

Antes de entrar no debate das emendas presentadas, a Secretaria Xeral, D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo, fai aclaracións relativas a erros existentes no texto e que foran tamén indicadas en emendas de tipo técnico asinadas polo Profesor Tojo e polo Sr. Rotea:

"substitución do número 20.1 (repetido) por 20.2", e

"ausencia dun membro dos Persoal de Administración e Servicios (PAS) na Comisión de Ordenación Académica e Validacións (artigo 20.1.d.)".

O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, fai a presentación do texto proposto (anexo I) de reforma do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Goberno, no que se refire ós capítulos III, IV e V do anterior regulamento.

A totalidade das emendas presentadas figura como Anexo II.

A continuación trátanse as emendas que tratan de inclusión, modificación ou supresión de competencias das comisións:

**-Artigo 20.1.1** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

Acéptase por asentimento.

**-Artigo 20.2** (R.E. 16563, Sr. Álvarez Moreira)

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

a favor do texto: 30 votos

-a favor da emenda: 0

-abstencións: 9,

apróbase o texto

**-Artigo 21.2.d.** (R.E. 16531, Sr. Rotea)

O Sr. Rotea precisa que a nova competencia que propón introducir, refírese á Comisión de Planificación e non á de Asuntos Económicos; acéptase por asentimento.

**-Artigo 23.2.b.** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

Deféndese a emenda e o Sr. Rector propón unha transacción que supón introducir no artigo 20.2.g. (competencias da COAV), o texto "**20.2.g) informa-las propostas de organización docente da Universidade**".

Acéptase por asentimento.

**-Artigo 26.i.** ((R.E. 16.563, Sr. Álvarez Moreira)

Retírase a emenda.

**-Artigo 26.2.c** (R.E. 16543, Prof. Gago)

Apróbase por asentimento.

No grupo de emendas relativas a Presidencia de Comisións, representación de Campus e ámbitos, cobertura de vacantes, limitación do número de Comisións ou necesidade de levantar acta, o resultado do debate foi o seguinte:

**-Artigo 16.2** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

Acéptase o texto.

**-Artigo 18.3** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

a favor do texto: 25 votos

-a favor da emenda: 10

-abstencións: 7

apróbase o texto.

**-Artigo 18.7** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

Emenda retirada.

**-Artigo 18.10** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

Acéptase por asentimento.

**-Artigo 18.5** (R.E. 16543, Prof. Gago).

Coincide esencialmente coa anterior e o Prof.. Gago acepta a anterior redacción.

**-Artigo 19.1** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

Acéptase por asentimento.

O último grupo de emendas refírese ás relativas á composición das Comisións.

Prodúcese un debate no que interveñen varios membros da Xunta de Goberno sobre o tema.

O Profesor Tojo Suárez defende unha composición idéntica para tódalas Comisións: 6 profesores, 3 alumnos e 1 PAS.

O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo fai a proposta de votar en conxunto se se acepta esa composición ou se mantén a que figura no texto para cada Comisión.

O Profesor Tojo Suárez pide que se vote cada emenda por separado.

Procédese ás votacións:

**-Artigo 20.1.b.** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

-a favor do texto: 29 votos  
-a favor da emenda: 9 votos  
-abstencións: 6

apróbase o texto.

**-Artigo 20.1.c.** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

-a favor do texto: 30 votos  
-a favor da emenda: 13 votos  
-abstencións: 2,

apróbase o texto.

**-Artigo 20.1.c.** (R.E. 16460, Sr. Janeiro)

-a favor do texto: 25 votos  
-a favor da emenda: 16 votos  
-abstencións: 5,

apróbase o texto.

**-Artigo 20.1.c.** (R.E. 16563, Sr. Álvarez Moreira)

Retirada.

**-Artigo, 21.1.c.** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

-a favor do texto: 28 votos  
-a favor da emenda: 9 votos  
-abstencións: 7,

apróbase o texto.

**-Artigo 21.1.d.** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

-a favor do texto: 31 votos  
-a favor da emenda: 12 votos  
-abstencións: 2,

apróbase o texto.

**-Artigo 22.1.b.** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

-a favor do texto: 31 votos  
-a favor da emenda: 8 votos  
-abstencións: 4,

apróbase o texto.

**-Artigo 22.1.c.** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

-a favor do texto: 29 votos

-a favor da emenda: 13 votos

-abstencións: 2,

apróbase o texto.

**-Artigo 22.1.d.** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

-a favor do texto: 30 votos

-a favor da emenda: 8 votos

-abstencións: 4,

apróbase o texto.

**-Artigo 23.1.b.** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros)

-a favor do texto: 32 votos

-a favor da emenda: 7 votos

-abstencións: 4,

apróbase o texto.

**-Artigos 24.1.b., 24.1.c., 25.1.c., 26.1.b.** (RE 16395, Prof. Tojo e outros)

Retíranse.

**-Artigos 26.1.d.** (R.E. 16395, Prof. Tojo e outros) e **26.1.d.** (R.E. 16460, Sr. Janeiro)

-a favor do texto: 22 votos

-a favor da emenda: 18 votos

-abstencións: 6,

apróbase o texto.

O finaliza-lo debate e votación das emendas, procédese a facer unha votación global do novo regulamento.

O resultado foi o seguinte:

-a favor: 31 votos

-en contra: 12 votos

-abstencións: 3

Apróbase a reforma do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Goberno (anexo III).

D. Juan Janeiro Vilaboa explica o seu voto: "*desexo facer consta-lo meu voto en contra da reforma do regulamento da Xunta de Goberno por entender que o novo articulado diminúe a representación porcentual do alumnado apartándose do criterio do 30% anterior, respecto o 60% do profesorado e o 10% do PAS*".

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor presenta un escrito no que di que "*na proposta de reforma do Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Goberno presentada polo equipo rectoral, expóñense 4 puntos nos que se xustifica a filosofía da reforma no sentido xeral*".

*Non obstante, ó longo da proposta exponse a modificación de artigos nos que o cambio ou supresión non se pode incluír naquelas alegacións de tipo xeral polo que, ó non haber soporte académico (nin dirección) en que xustificar as modificacións, entendo que a aprobación debeuse*

*ó automatismo dinámico das votacións".*

Os profesores Tojo Suárez e Rodríguez Berrocal indican que o **artigo 30.5** do Regulamento establece que a reforma do mesmo "requerirá a aprobación por maioría absoluta da Xunta de Goberno" e piden que se fagan as consultas oportunas para aclarar se a maioría absoluta debe calcularse sobre os presentes ou sobre o total da Xunta de Goberno. Precisan que neste caso, a reforma do regulamento non estaría aprobada.

O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo indica que se farán as consultas pertinentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.45 h. do día 18 de setembro de 1998 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo